



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO DE FORMACIÓN
E RECURSOS DE
A CORUÑA

BOLETÍN

FEBREIRO 2024




PODCAST DE LITERATURA Y CULTURA
PARE+DRO



Podcast de literatura y cultura
con David Bueno, Anna Forés y Antoni Ruiz Bueno
Presentado por Carlos Hinojosa

Qué hacemos



bell hooks


ENSEÑAR A TRANSGREDIR

La educación como práctica
de la **libertad**



RITMOS Y RITUALES

André Stern



AULA O JAULA

La escuela en tiempos convulsos
Reflexiones de un profesor vocacional



Leer al escritor de literatura infantil y juvenil

Escribir para niños
y jóvenes II



BUENAS PRÁCTICAS
EN EDUCACIÓN PARA
LA CIUDADANÍA GLOBAL.
XII PREMIO NACIONAL
DE EDUCACIÓN PARA
EL DESARROLLO
«VICENTE FERRER»



José Antonio Millán Los trazos que hablan

El triunfo y el abandono
de la escritura a mano




CÓMO LOGRAR QUE LOS ALUMNOS TRABAJEN EN LA ESCUELA

SIETE CLAVES PARA ENSEÑAR DE MANERA DIFERENTE

Sylvain Grandjean
Laurent Leconquar



DISTRAÍDOS



LA LECTURA EN VOZ ALTA SUS BENEFICIOS

Un descubrimiento (fascinante)
desde la neuroeducación

David Bueno • Anna Forés • Antoni Ruiz Bueno
Ilustraciones de Cristina Baeza




Jackie Acree Walsh

Feedback formativo


Diálogo significativo
para mejorar el aprendizaje

Presentación de **John Hattie**
Prólogo de **Susan M. Brookhart**



Soberanía visual

Una guía para la gestión de las imágenes




ALESSANDRO MACCARRONE
ILUSTRADO POR LUIS PAABIN

EL INFINITO PLACER DE LAS MATEMÁTICAS

Índice

Cómo lograr que los alumnos trabajen en la escuela	1
Aula o jauja	2
La lectura en voz alta: sus beneficios	3
Soberanía Visual	4
Distraídos	5
Los trazos que hablan	6
Feedback formativo	7
Enseñar a transgredir	8
Ritmos y rituales	9
paredropodcast.com	10
Buenas prácticas en educación para la ciudadanía global	11
Visita ás escolas amables de Pistoia dentro do programa de acreditación europea CFR A Coruña	12
Estratexias de internacionalización do CFR de A Coruña	13
Fundación Educo	14
Leer al escritor de literatura infantil y juvenil	15
El infinito placer de las matemáticas	16



Cómo lograr que los alumnos trabajen en la escuela

Siete claves para enseñar de manera diferente

Grandserre, Sylvain and Lescouarch, Laurent

Editorial Popular, Madrid, 2022 • ISBN: 978-84-7884-899-7 • 306 páx.

No contexto de finais do século XX e principios do XXI a educación no mundo occidental viuse inmersa nun vórtice de correntes educativas que desembocaron na promulgación de innumerables tratados pedagóxicos e resolucións lexislativas en materia de educación, cada cal coa súa propia idiosincrasia. É sobradamente coñecido o caso particular español (LOECE, LODE, LOGSE...); no caso francés, as achegas dos grandes pedagogos históricos (Robin, Ferrer, Korczak, Freinet, Oury) constitúen unha inxente e fecunda fonte de reflexións sobre as que os axentes educativos tratan de repensar o ensino de hoxe.

Aínda que pola nacionalidade dos autores as referencias ao sistema educativo francés son constantes, o feito de que sexa un país moi próximo ao noso, e a similitude dos sistemas educativos destes dous países fan que as cuestións que estes autores poñen sobre a mesa sexan aplicables ao contexto educativo español e ao galego máis concretamente.

Nesta obra, definida polos propios

autores como de sabedoría pedagóxica, o lector poderá atopar unha serie de reflexións recollidas polos autores ao longo das súas traxectorias profesionais. Sylvain Grandserre (mestre e autor de varios libros de pedagogía), e Laurent Lescouarch (profesor universitario e investigador no campo das prácticas pedagóxicas orientadas á aprendizaxe) fannos un percorrido polas diferentes correntes pedagóxicas que imperaron no contexto europeo no último século, co propósito de convidar o lector (docentes, pais, nais, axentes educativos, políticos, etc.) a visualizar unha renovación das ideas pedagóxicas que deberían imperar nas aulas, coa intención última de conseguir que a función docente se achegue a metas máis relevantes que a mera aprendizaxe de contidos: aprender a aprender e dar sentido funcional á escola.

Ao longo dos sete capítulos nos que se estrutura a obra, estes dous autores fan un percorrido polas cuestións máis controvertidas ás que se enfronta día a día o profesional da educación: a liberdade pedagóxica,

a metodoloxía de aula, a innovación, o sentido primordial da educación, o alumnado como proxecto de vida, o proceso de construción das aprendizaxes no alumnado, a obsesión pola programación, a organización da aula, o xogo, a avaliación, o papel das familias, a diferenciación pedagóxica, etc.

O enfoque que subxace nas formulacións destes autores baséase en dar respostas pertinentes a cuestións como manter a curiosidade dos nenos, ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, que resposta dar a un alumno que fracasa despois de realizar un esforzo máiscullo, que métodos de ensino habería que adoptar, e como desenvolver a autonomía, a responsabilidade e a creatividade no alumnado.

Sen dúbida, o lector atopará nesta obra un conxunto de elementos sobre os que reflexionar, e tamén unha serie de achegas extraídas do ámbito pedagóxico que lle poderán servir para reformular ou contrastar concepcións previas.



Aula o jaula

La escuela en tiempos convulsos.

Reflexiones de un profesor vocacional.

Solano, Toni

Editorial La Esfera de los libros, Madrid, 2023

ISBN: 978-84-1384-638-5 • 237 páx.

Toni Solano é catedrático de Lingua e Literatura e director do instituto de educación secundaria IES Bovalar en Castelló. Na súa dilatada e frutífera vida académica exerceu de docente da súa materia, de relator en actividades de formación do profesorado, de adiantado na introdución das tecnoloxías na aula e de activista en redes sociais cun perfil @tonisolano moi seguido por docentes e outras criaturas. O seu blogue Repaso de lingua continúa a ser unha referencia para moitos profesores de lingua e literatura.

Aula o jaula é o suxestivo e provocativo título dun libro nacido da experiencia dun docente comprometido co seu traballo. Nesta crónica enxeñosa o autor analiza diferentes aspectos do mundo académico seguindo a estela de episodios significativos do mundo da mitoloxía (Jasón e os Argonautas, o Cabalo de Troia, A illa de Circe)

e de personaxes tan recoñecidos dese mundo como poden ser: Ícaro, Sísifo ou Prometeo. Protagonistas estes cos que nalgún momento da nosa andaina académica todos nos podemos identificar dalgún xeito.

Este ensaio divulgativo e ameno arroxa luz sobre o convulso mundo educativo e examina algunhas das incoherencias e obstáculos do sistema que dificultan o labor do educador. Toni Solano de xeito sensato, bastante irónico e cunha grande dose de autocritica desterra utopías absurdas e reflexiona sobre aspectos tan significativos da educación como son o uso das tecnoloxías e dos móbiles nas aulas, a inclusión educativa, a ratio das aulas, as vocacións frustradas dunha parte do profesorado, o sinsentido do continuum interminable de leis educativas e a necesidade dunha formación inicial e continua do profesorado adaptada ás

Antonio Solano

AULA O JAULA

La escuela en tiempos convulsos.
Reflexiones de un profesor vocacional




necesidades do alumnado e á escola de hoxe en día.

Toni Solano aboga por unha educación integral e inclusiva e por unha escola pública con recursos, que sexa un espazo seguro e acolledor para o alumnado, a salvo das violencias tan presentes na nosa sociedade e no que as portas estean sempre abertas para as familias. Unha escola, en definitiva, na que se traballe en equipo, se entenda a diversidade como unha riqueza e se formen cidadáns críticos e responsables. E na que se asuma que todos formamos parte do mesmo equipo.

Educación non é unha tarefa sinxela, e este libro non ofrece receitas mágicas pero como di Nando López no prólogo ofrece unha aperta estimulante e cómplice para aquel interesado no mundo da educación.





La lectura en voz alta: sus beneficios

Un descubrimiento (fascinante)
desde la neuroeducación

Bueno, David Bueno;
Forés, Anna

y Ruiz Bueno, Antoni

Ediciones Octaedro, Barcelona, 2023

ISBN: 978-84-19900-44-9138 • 140 pág.

Trátase dun libro nacido dun estudo realizada pola Cátedra de Neuroeducación UB-EDU1st da Universidade de Barcelona e por Veualta, polo que se atopa a medio camiño entre un texto divulgativo (pola fácil comprensión) e o artigo académico (tanto pola estrutura dos contidos coma polo rigor científico dos mesmos).

A lectura en voz alta é o tema central e esta abórdase en dous grandes bloques. O primeiro (capítulos 1-3) explica as implicacións que ten para o cerebro as accións de falar, ler e pensar. Afirmase que ler non é unha actividade natural, na medida na que non se aprende de xeito innato, e indicase que ler supón unha modificación das conexións neuronais. Dentro dos numerosos beneficios da lectura recollidos, atópanse melloras: na interpretación da linguaxe falada, na capacidade analítica e reflexiva, na potenciación da curiosidade ou na organización da

memoria do traballo. O segundo bloque (capítulos 4-7) explica as repercusións da lectura en voz alta nos seguintes catro ámbitos: sentidos, emocións, teoría da mente e funcións executivas. A idea central desta parte é que a lectura en voz alta activa máis sentidos simultáneos, feito que repercute positivamente na memoria. Amais, incídese en que o cerebro prioriza almacenar aprendizaxes cargadas de contido emocional, polo que se incide na importancia da creación dun ambiente agradable para levar a cabo a lectura cos nenos.

Ao longo dunhas páxinas cunha maqueta moi visual, os autores fornecen propostas pedagóxicas (en cadríños), ilustracións sobre as áreas do cerebro implicadas na lectura en voz alta e numerosas referencias bibliográficas. Conxunción esta que cumpre o obxectivo principal do libro, explicitado no prólogo: "que sea útil a cualquier lector".



Soberanía Visual

Una guía para la autogestión de las imágenes

Acaso, María e Megías, Clara

Ediciones Paidós, Barcelona, 2022

ISBN: 978-84-493-4020-8229 • 219 páx.

A preocupación das e dos docentes polas imaxes que comparte co seu alumnado reflicte unha conciencia valiosa sobre o impacto que a visión pode ter na formación de ideas e valores. A elección de imaxes debe considerar a diversidade, a representación equitativa e a sensibilidade cultural para cultivar un ambiente educativo inclusivo. Con todo, é esencial equilibrar esta precaución para permitir o acceso a unha gama variada de perspectivas e fomentar a capacidade crítica dos estudantes ao interpretaren imaxes.


O texto Soberanía Visual estruturase en catro grandes capítulos: fundamentos de la soberanía visual, Herramientas del lenguaje

visual, tipos de representaciones visuales y la soberanía visual en la práctica.

As autoras María Acaso e Clara Megías céntranse en tres obxectivos principais: traballar coas imaxes do presente, adoptar una posición feminista interseccional nos procesos de análise, e desenvolver una dimensión pedagóxica transversal.

Facéndose cargo do poder das imaxes como ferramentas que xeran mecanismo de autoridade, parten do concepto de soberanía alimentaria para levalo cara ao consumo de imaxes, vinculando certa ideas como:


" se a soberanía alimentaria



consiste no dereito para decidir como nos alimentamos, a soberanía visual consiste no dereito para decidir o noso propio sistema de consumo de produtos visuais*.

A partir dos conceptos de "consciencia", "autoxestión" e "autocoidado" visual, así como o que denominamos «semiótica interseccional», atendendo de maneira explícita aos eixes de xénero, raza e clase, este libro constitúe unha guía para aprendermos a autoxestionar as imaxes que consumimos, en definitiva, para que sexamos nós as/os que decidamos sobre as imaxes e que non sexan elas as que decidan por nós.





Distraídos

Si tú no piensas, alguien lo hará por ti
Deleval, Thibaut

Editorial: AGUILAR, Madrid, 2022

ISBN: 978-84-03-52276-3346 • 352 páx.

Este primeiro libro de Thibaut Deleval invita a facer unha reflexión de por que pensamos tan pouco e tan mal. Nunha época histórica na que temos unha morea de información ao noso alcance cada vez pensamos menos porque estamos distraídos e estamos inmersos nunha infinidade de distraccións. Non pensamos porque cremos que non o precisamos, e porque dá preguiza.

A través de diferentes tarefas Deleval quere que consigamos pensar máis. Ofrecemos distintas actividades a realizar en papel, porque como el di: "As palabras voan, o escrito queda".

Desgrana amplas disciplinas como a ética, a lóxica, a socioloxía, a psicoloxía, as ciencias políticas e a comunicación; para facernos entender como chegamos á situación actual na que estamos obsesionados pola inmediatez, as emocións, a manipulación das palabras, a publicidade, o relativismo e a posverdade. Posúe unha gran bibliografía con diversas correntes das que analiza como afectan á nosa capacidade de pensar.

O autor preséntanos ao final de cada capítulo diversas aplicacións prácticas para conseguir que pensemos máis e mellor, para que entendamos o que está en xogo (felicidade, convivencia e democracia) e para que tomemos actitude de falar de solucións adestrando xuntos.

Aparquemos as distraccións que teñamos ao noso redor e poñamos en valor a nosa intelixencia natural.



Los trazos que hablan

El triunfo y el abandono de la escritura a mano

José Antonio Millán

Editorial Ariel, Barcelona, 2023 • ISBN: 978-8434436701 • 482 pág.

José Antonio Millán achega un ensaio, profusamente ilustrado, que pretende sensibilizar da importancia do logro da escritura e especialmente da escritura a man. O texto bebe de varias disciplinas como a paleografía, a grafémica, a ortografía, a caligrafía ou a lingüística entre outras.

Esta historia divulgativa sobre a aparición e evolución da escritura divídese en dez partes: A primeira parte abrangue desde os inicios no Oriente Próximo ata a aparición do alfabeto latino. A segunda comprende desde a escritura privada e monumental romana ata a caída do Imperio. A terceira estuda

os elementos que conforman o acto de escribir nas idades media e moderna. A cuarta afronta a combinación das letras ata chegar á páxina e a escritura humanista. A quinta descubre a aparición da imprenta no noso país. A sexta recolle tres séculos de manuais de caligrafía e a súa repercusión no ensino. A sétima estuda a personalidade da letra e a sinatura. A oitava abrangue a evolución dos instrumentos de escritura. A novena presenta as opcións do ensino da escritura na actualidade. A décima, trata sobre os derradeiros refuxios do manuscrito.

Estes dez capítulos están atravesados por sete temas

transversais como son os grafitos, os xogos alfabéticos, o ensino da lectoescritura, as metáforas da escritura, a mala letra, a personalidade da escritura e os textos máxicos que obran prodixios.

“¿Qué tienen las palabras escritas a mano que no tendrían las líneas regulares de un documento escrito en ordenador, de un correo electrónico, de un mensaje de WhatsApp?”.

Unha amena e completa lectura que abre moitos interrogantes e convida á reflexión sobre a importancia do ensino da escritura no mundo actual.



Jackie Acree Walsh

Feedback formativo

**Diálogo significativo
para mejorar el aprendizaje**

Presentación de **John Hattie**

Prólogo de **Susan M. Brookhart**

biblioteca
INNOVACIÓN
EDUCATIVA



Feedback formativo Diálogo significativo para mejorar el aprendizaje Acree Walsh, Jackie

Editorial SM, biblioteca de innovación educativa, Madrid, 2023 • ISBN: 978-84-191-0252-2 • 225 páx.

Neste libro profúndase na adopción dunhas dinámicas de aula baseadas na formulación de preguntas de calidade e un diálogo sustentado na escoita activa entre profesorado e alumnado, os cales teñen como resultado tanto o reforzo dos procesos de aprendizaxe no alumnado, como o aseguramento do papel do docente no sistema educativo do noso tempo.

A autora, Jackie Acree Walsh, brindanos unha mirada profunda e un conxunto de reflexións clarividentes sobre a importancia do feedback ou retroalimentación no proceso educativo, desde unha definición clara e accesible do concepto "Feedback formativo" ata unha exploración esmiuzada e atinada do seu impacto na aprendizaxe. Deste xeito, a obra convértese nunha inestimable guía para docentes, administradores e outros actores educativos, pero tamén para todas aquelas persoas interesadas en coñecer como funcionan os procesos de aprendizaxe e como se pode mellorar a calidade do ensino.

A aprendizaxe no noso tempo xa non se considera unha transmisión unidireccional de coñecementos; por iso, o obxectivo do feedback

formativo é desenvolver aprendices autorregulados que sexan capaces de xerar feedback interno e responder positivamente ao feedback externo. O feedback formativo baséase nunha comunicación multidireccional entre estudantes e docentes, e reflicte unha visión construtiva da aprendizaxe, que esixe que o profesorado sexa transparente co alumnado. Tamén require que o alumnado estea integrado nun grupo que actúa como comunidade de aprendizaxe.

Este libro estruturase en tres bloques, cada un dos cales contén dous capítulos, máis unha cuarta parte. No primeiro bloque descríbese o feedback como un proceso recíproco entre alumnado e profesorado que comporta unha serie de requirimentos. Tamén se ofrece unha visión xeral sobre a formulación de preguntas de calidade, a planificación das preguntas, a participación do alumnado e o seguimento a realizar polo docente.

No segundo bloque propóñanse estratexias para que o profesorado poida deseñar as súas clases de modo que estas adquiriran unha natureza formativa e faciliten o desenvolvemento

das capacidades do alumnado.

No terceiro bloque abórdase o deseño de experiencias formativas, isto é, a creación ou selección de preguntas que produzan un feedback adecuado nos diferentes momentos do ciclo de aprendizaxe. Inclúense exemplos de preguntas que promoven o feedback relacionado coa aprendizaxe superficial, profunda e por transferencia.

Na cuarto e derradeiro bloque ofrécense unha visión do feedback dialogado, e como as relacións de asociación reforzan o proceso de aprendizaxe no estudante.

A intención final deste libro é proporcionar un manual de prácticas para o profesorado que queira mellorar as súas estratexias docentes a través do diálogo, e o feedback na aula. Aínda que non hai unha fórmula única para aplicar en todas as aulas, si que hai uns principios consolidados e unhas prácticas eficaces xenéricas, as cales se abordan nesta obra e sen dúbida fortalecerán a bagaxe pedagóxica de calquera docente.



Enseñar a transgredir

La educación como práctica de la libertad

Hooks, Bell

Editorial Capitan Swing, Madrid, 2021 • ISBN: 978-84-122818-4-2 • 288 pax.

Ensinar a transgredir é unha obra maxistral escrita por "bell hooks", pseudónimo en minúscula de Gloria Jean Watkins, recoñecida pedagoga e feminista. Publicado en 1994, a autora desentraña as complexidades da pedagogía e desafia as normas docentes convencionais. A través dunha mestura única de teoría e experiencia práctica, Hooks propón un enfoque revolucionario que busca transformar a educación nunha ferramenta de cambio social e liberación.

Hooks aborda o papel crítico que xoga a educación na reprodución das estruturas de poder existentes, e defende un enfoque pedagóxico que desafia e transcende esas normas. O autor sostén que a pedagogía crítica debe ir máis alá da simple transmisión de coñecemento e fomentar a conciencia crítica, o diálogo aberto e a participación activa do alumnado.

Un elemento distintivo de Ensinar a transgredir é a fusión da teoría coa práctica. Hooks non só ofrece unha análise en profundidade dos temas

educativos, senón que tamén comparte as súas experiencias persoais como educadora. Isto engade unha dimensión humana ao traballo e conecta a teoría coa realidade cotiá nas aulas.

O traballo tamén aborda cuestións de raza, clase e xénero na educación. Hooks critica a falta de diversidade nos currículos e defende unha educación inclusiva que reflicta a diversidade da sociedade. O seu enfoque interseccional destaca a necesidade de considerar as interconexións de raza, clase e xénero para comprender plenamente os desafíos e oportunidades na educación.

Outro aspecto fundamental de Ensinar a transgredir é a idea de conexión emocional na aprendizaxe. Hooks defende a importancia de establecer relacións auténticas e solidarias entre educadores e estudantes. Esta conexión emocional non só facilita o proceso de aprendizaxe, senón que tamén desafia as xerarquías tradicionais na educación, permitindo un auténtico intercambio de ideas e experiencias.

O traballo tamén explora o concepto de transgresión e resistencia no contexto educativo. Hooks anima os educadores e estudantes a desafiar as normas establecidas, cuestionar as estruturas de poder e buscar camiños alternativos para a aprendizaxe.

Ensinar a transgredir non é só unha crítica ás carencias do sistema educativo, senón tamén unha chamada á acción. Hooks insta os educadores a non caer na inacción, a ser axentes de cambio, a participar nunha pedagogía crítica e a desafiar activamente as inxustizas na educación. O traballo inspíranos a repensar e remodelar a forma en que entendemos e practicamos a docencia.

Como conclusión, podemos afirmar que con Ensinar a transgredir estamos a falar dunha obra seminal que deixou unha pegada indeleble no ámbito educativo. É unha combinación única de teoría, experiencia persoal e unha chamada á acción que fai imprescindible a lectura para educadores, estudantes e calquera persoa interesada na transformación radical da educación para crear un mundo máis xusto e inclusivo que segue demandando tanto.





Ritmos y rituales

Stern, André

Litera libros, Albuixech, 2023

ISBN: 9788412585124 • 175 páx.

André Stern volve poñer o foco no respecto á infancia, nos seus ritmos.

Fainos reflexionar sobre o entusiasmo innato dos nenos e nenas, recordándonos a responsabilidade que temos os adultos na conservación dese

entusiasmo. Fálanos tamén da importancia dos rituais que os nenos e nenas establecen no xogo e na vida cotiá, eses rituais fanlles sentir seguridade e estabilidade para poder relacionarse co mundo que os rodea.

Trata un tema tan importante como é o uso das pantallas, formulando que o efecto aditivo das mesmas non é máis que un síntoma e que, polo tanto,

hai unha causa.

Aborda temáticas moi interesantes para as familias e profesorado que confían nun ensino respectuoso, intentando que non perdan o pracer de xogar e aprender, que non teñan medo ao erro, deixándoos ser, e mostrándolles admiración e cariño precisamente por ser como son.



INICIO QUÉ HACEMOS PARA QUÉ COSAS QUÉ HACEMOS MÁS

PODCAST DE LITERATURA Y CULTURA

[PARE DRO]

Este sitio web utiliza cookies. Si continúas navegando, aceptas su uso. [Ver política de privacidad](#)



Acá promovemos el acceso a la lectura y escritura literarias

Paredro Podcast es un espacio para conectar y conocer a los amantes de la lectura y la escritura literarias. Contamos que leer y escribir nos permite descubrir herramientas para la vida y nos permite decirle qué nos queremos leer. Dirigido por Camilo Hoyos Gómez.

¿Qué hacemos?



El podcast de libros, autores y demás actores del mundo literario

Nuestro desafío es con la lectura y escritura de autores que se conocen y se conocen a través de la lectura y la escritura literarias. Contamos que leer y escribir nos permite descubrir herramientas para la vida y nos permite decirle qué nos queremos leer. Dirigido por Camilo Hoyos Gómez.

CONOCE MÁS



Promoción de libros

Paredro Podcast es un espacio de promoción de libros literarios. Contamos que leer y escribir nos permite descubrir herramientas para la vida y nos permite decirle qué nos queremos leer. Dirigido por Camilo Hoyos Gómez.

CONOCE MÁS



Asesoría en proyectos literarios

Te ayudamos a escribir y a publicar tu obra literaria. Contamos que leer y escribir nos permite descubrir herramientas para la vida y nos permite decirle qué nos queremos leer. Dirigido por Camilo Hoyos Gómez.

CONOCE MÁS

otras cosas



Clubs de lectura

¿Crees que la lectura es una actividad? Contamos que leer y escribir nos permite descubrir herramientas para la vida y nos permite decirle qué nos queremos leer. Dirigido por Camilo Hoyos Gómez.

CONOCE MÁS



Para las empresas

Contamos que leer y escribir nos permite descubrir herramientas para la vida y nos permite decirle qué nos queremos leer. Dirigido por Camilo Hoyos Gómez.

CONOCE MÁS



Capacitación a promotores de lectura y profesores de español, literatura y ciencias sociales

Contamos que leer y escribir nos permite descubrir herramientas para la vida y nos permite decirle qué nos queremos leer. Dirigido por Camilo Hoyos Gómez.

CONOCE MÁS

<https://paredropodcast.com/>
Consulta realizada: 30/01/2024

Paredro Podcast es un espacio dirixido por Camilo Hoyos Gómez creado para promover o acceso á lectura e ás escrituras literarias. Un lugar no que compartir en comunidade lecturas e proxectos de escritura con persoas con afinidades comúns, e interesadas na literatura. Para crear este espazo se inspiraron no novelista norteamericano Dave Eggers e o seu proxecto 826 Valencia

A lectura e a escritura son un instrumento cun grande potencial para o desenvolvemento de habilidades humanas que faciliten espallar o coñecemento. Tamén son unha ferramenta excelente para fortalecer as habilidades sociais nun mundo no que as redes virtuais tenden, en moitas ocasións, a illar ao individuo. Os creadores deste podcast conciben

este espazo como un lugar no que a lectura e a escritura sirvan de estímulo para mellorar a vida persoal e social das persoas.

A sección máis atractiva de Paredro é o que inclúe na actualidade máis de cento trinta capítulos con entrevistas a algúns dos escritores máis relevantes da literatura latinoamericana e española. Estas conversas son un xeito magnífico de achegarse á obra destes autores e ás motivacións que os levaron a concibir os seus textos literarios.

Este é un espazo para a promoción de lectura literaria, no que se ofrece asesoría para a elaboración de proxectos literarios propios, e para a organización de clubs de lectura. Tamén ofertan obradoiros e recursos para fomentar a lectura na aula

e orientación para como se pode mellorar a pedagogía da lectura.

A competencia literaria enténdese como a capacidade de ler, comprender e interpretar textos xunto coa capacidade de crear e producir textos. Paredro Podcast é unha ferramenta moi válida para potenciar o desenvolvemento desta competencia literaria xa que permite formar lectores que, de xeito autónomo, gocen dos textos e consigan establecer interpretacións realizadas con criterio. Os podcast son unha excelente ferramenta didáctica, e un contido que goza cada vez de máis adeptos polo que esta plataforma pode ser un recurso moi útil para o noso traballo como docentes.



Buenas prácticas en educación para la ciudadanía global

XII Premio Nacional de Educación para el Desarrollo «Vicente Ferrer»

https://www.libreria.educacion.gob.es/libro/buenas-practicas-en-educacion-para-la-ciudadania-global-xii-premio-nacional-de-educacion-para-el-desarrollo-vicente-ferrer_184063/

Pilar Debén Gómez (AECID), Álvaro Saiz Miguel (MEFPD) y Silvia M. Velázquez Rodríguez (MEFPD), Coord.

NIPO en línea del MEFPD: 847-23-138-9 • NIPO en línea de la AECID • ISBN: 109-23-039-6166 • 166 páx.

O XII Premio Nacional de Educación para o Desenvolvemento Vicente Ferrer atópase enmarcado no programa Docentes para o Desenvolvemento, e xurdiu como unha colaboración entre a AECID e o Ministerio Educación e Formación Profesional para apoiar o labor docente desde a mirada da cooperación. O premio colabora na construción dun mundo máis xusto e sostible achegando a realidade que nos acontece, tanto dos nosos espazos máis próximos como daqueles que se atopan máis afastados. É por iso que está enmarcado no logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible recollidos na axenda 2030.

Con este premio recoñécense as experiencias educativas que se traballan na aula desde o enfoque de xénero, democracia, dereitos humanos, e educación en valores, todos eles conceptos dentro da cidadanía global actual. O premio leva o nome

do cooperante español Vicente Ferrer, que representa a solidariedade do pobo español e a súa cidadanía comprometida. Actualmente, necesítase que ese compromiso teña unha mirada transformadora de verdade.

É un premio formativo que se concede a 15 centros educativos de forma horizontal. Os e as docentes premiadadas beneficianse da participación nun seminario de intercambio de boas prácticas en desenvolvemento sostible nalgún dos países nos que a Axencia de Cooperación Española desenvolve o seu labor aínda que, neste último ano, se uniu o Centro Nacional de Educación Ambiental. Por iso, o seminario deste premio tivo lugar nas súas instalacións de Valsain en Segovia. Ademais, realízase unha entrega de diplomas na sede da AECID por parte das autoridades educativas.

A educación é unha ferramenta de



transformación social cuxo papel fundamental é xerar cambios e orientar a acción persoal e colectiva. A Educación para o Desenvolvemento Sostible, aliñándose cos obxectivos da Axenda 2030, orienta esa acción cara á xustiza e a equidade fortalecendo os compromisos coa humanidade e a natureza. Por iso, garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade que promova as oportunidades de aprendizaxe para todas as persoas durante toda a vida é unha cuestión vital (ODS 4: Educación de calidade).

A Subdirección Xeral de Cooperación Territorial e Innovación Educativa é un órgano dependente da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial que depende, á súa vez, da Secretaría de Estado de Educación do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP).





Visita ás escolas amables de Pistoia dentro do programa de acreditación europea CFR A Coruña

A áreabambini en Pistoia (Italia) nace para dar respostas ás necesidades de xogo, exploración e descubrimento da infancia, promovendo un punto de encontro coas súas familias.

Existen catro áreabambini, cada unha coa súa identidade e cunhas características propias que definen o seu propósito.

As diferentes áreas están establecidas por cores: azul, verde e amarela onde se traballa a través de obradoiros prácticos as diferentes linguaxes: artística, científica e simbólica. A área rosa é un espazo adicado ás familias, converténdose nun apoio constante de asesoramento no proceso de crecemento do seus fillos e fillas.

A área azul, verde e amarela están

abertas polas mañás para recibir o alumnado que pertence a escolas educativas da zona. Trabállase a través de proxectos coordinados entre o profesorado dos centros educativos de orixe e os docentes específicos das áreas.

Polas tardes as áreas están abertas para levar a cabo obradoiros prácticos e poderán asistir a 8 sesións como máximo. Teñen unha programación de actividades orientada a explorar as diferentes linguaxes.

A área rosa é un espazo aberto para as familias co obxectivo de facilitar e promover o diálogo así como ofrecer propostas de experimentación que esperten a súa curiosidade.

A área verde ten como obxectivo traballar a natureza e experimentar

con ela.

A área azul ten como prioridade traballar a arte e as súas diferentes manifestacións.

A área rosa ten como finalidade traballar e asesorar as familias.

Esta metodoloxía ten como protagonista principal o neno, facendo da escola un lugar acoledor. Nestas escolas permiten que os nenos e as nenas exploren e descubran por eles mesmos, como dicía Loris Malaguzzi "Quando ves que un niño está dando sus primeros pasos en el camino, lo lógico y correcto es darle las llaves que le permitan ir más lejos". As áreabambini en Pistoia son a chave para poder voar e chegar máis lonxe.



Estratexias de internacionalización do CFR de A Coruña

A Unión Europea (UE) recoñece a internacionalización como unha das mellores estratexias para acadar as prioridades que conforman a súa axenda. Por este motivo, desde a creación do programa Erasmus en 1987, adicado á educación superior, o apoio por parte da UE á internacionalización, consistente en financiación, ferramentas e recursos, estendeuse a todos os sectores da educación e aumentou en dotación económica. En consonancia con este recoñecemento, a internacionalización forma parte das liñas prioritarias establecidas pola Consellería de Educación (Plan Anual de Formación 2023/2024) abordada a través dun itinerario formativo específico. Por tanto, a Rede de Formación e, en particular, o CFR de A Coruña ten entre as súas misións promover e facilitar a internacionalización dos centros educativos do noso ámbito de actuación.

A internacionalización consiste nun proceso estratéxico no cal os centros educativos melloran as súas competencias profesionais docentes (centros competentes), a través do intercambio de boas prácticas, experiencias e coñecemento sobre todos os aspectos da educación na UE. As principais canles para acadar este obxectivo son o portal eTwinning, plataforma de contacto colaboración e intercambio

virtual, e o programa Erasmus+, que é a vía de financiamento para os proxectos europeos dos centros,

No CFR de A Coruña temos unha longa e ampla traxectoria de internacionalización, coordinando numerosos proxectos Erasmus+, tanto asociacións estratéxicas como de mobilidade do profesorado. Desde esta experiencia, e, mediante un equipo especializado, actuamos en dúas vertentes: por unha parte, asesoramos no marco dos Proxectos de Formación (PFPP) e proporcionamos atención individualizada, acompañando así os centros no seu percorrido para acadar un proxecto europeo propio, e por outra, facilitamos o intercambio de experiencias e boas prácticas europeas grazas á acreditación que obtivemos en 2022 desde a que coordinamos un consorcio de centros do noso ámbito,

Este consorcio acreditado consiste nunha asociación de centros, liderada e xestionada polo CFR que ten como obxectivos principais proporcionar formación de calidade e coherente coas liñas prioritarias, facilitar a internacionalización dos centros participantes e crear unha rede de centros preparados para compartir as súas boas prácticas recibindo profesorado europeo visitante, a través do programa Erasmus+. A través do consorcio, pretendemos empoderar os centros, abrindo portas á UE, fomentando os contactos internacionais e dando visibilidade europea ás prácticas



excelentes que se están a desenvolver.

Por último, salientamos algúns dos resultados acadados: O interese por levar a cabo itinerarios de formación sobre internacionalización aumenta de ano en ano. Intentamos proporcionar información, asesoramento, acompañamento e formación para que cada vez máis escolas desenvolvan os seus propios proxectos, cunha resposta moi positiva dos centros. Por outra parte, para o curso 23/24, o noso consorcio comprende 53 centros de todos os niveis educativos. Durante este curso, realizamos unha saída a Praga en outubro, na que participaron 4 membros do CFR, orientada a mellorar as estratexias de internacionalización e establecer contactos; unha saída a Pistoia en decembro, na que 39 docentes de educación infantil e primaria acompañados por 4 persoas asesoras tiveron a oportunidade de experimentar metodoloxías innovadoras. E, ademais, temos prevista unha visita a Helsinki en abril, na que participarán 3 persoas asesoras e 16 docentes de educación secundaria, orientada a coñecer e analizar boas prácti-

cas dentro do sistema finlandés.

En definitiva, o CFR intenta favorecer á internacionalización dos nosos centros apostando por distintas liñas de actuación e proporcionando opcións variadas, Queremos facervos partícipes das excepcionais oportunidades que temos ao noso alcance a través do programa Erasmus+ e contribuir así á mellora da educación como resultado final.

Saber máis

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es>

<http://sepie.es/>

<https://european-union.europa.eu/priorities-and-actions/eu-priorities/european-union-priorities-2019-2024-es>

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/plan_anual_formacion_profesorado_2023_2024_galego_0.pdf

<https://etwinning.es/es/>





Fundación Educo

<https://www.educo.org/>

Educo é unha ONG internacional que actúa desde hai 30 anos a favor da infancia e en defensa dos seus dereitos, especialmente o dereito a recibir unha educación equitativa e de calidade en España e noutros 13 países. Traballamos cos nenos, nenas e adolescentes (NNA), e o seu contorno para promover sociedades xustas e equitativas que garanten os seus dereitos e benestar.

En Galicia no actual curso levamos a cabo os seguintes proxectos:

• Sementando Participación, V Edición.

En convenio co Concello de A Coruña (Concellería de Benestar Social e Participación) achegámonos a 5 centros de primaria para fomentar a participación na vida municipal do alumnado de 5º e 6º de primaria. Ao longo de 5 sesións trabállase directamente cos grupos co obxectivo final de subliñar a importancia do dereito a participar, segundo recolle a Convención dos Dereitos da Infancia no seu artigo 12 e para elaborar un dossier coas súas achegas de mellora do contorno e a cidade.

• Programa Becas Comedor

O Programa de Becas Comedor ten como obxectivo garantir unha comida

completa e saudable ao día, a nenas e nenos en situación de risco de pobreza e exclusión social que non contan co apoio das administracións públicas.

• Campaña mundial pola educación

é unha coalición internacional que se mobiliza para reclamar o cumprimento íntegro dos compromisos internacionais asinados polos Estados e así contribuír á defensa do dereito humano á educación e á consecución do ODS 4: garantir unha educación inclusiva, equitativa, igualitaria e de calidade para todos e todas. En Galicia, a Campaña Mundial pola Educación comeza o seu camiño no ano 2023. E grazas á Subdirección Dirección Xeral de Cooperación, dende o ano 2008, é un proxecto financiado na convocatoria de Educación para o desenvolvemento global. Anualmente, a coalición estatal de CME prepara uns materiais educativos destinados a todas as etapas, para que os propios centros os desenvolvan co seu alumnado (<https://same2023.cme-espana.org/>).

• A protección da Infancia dende a mirada da Axenda 2030.

Proxecto financiado pola Cooperación Galega na convocatoria de Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. Destinado fundamentalmente a grupos e entidades que traballan no lecer co obxectivo de sensibilizar e dotar de ferramentas, que permitan abordar a

protección da infancia e adolescencia baseándonos nos ODS, a Convención de dereitos da infancia e a LOPVI. O programa contempla un intercambio online con grupos de adolescentes de Bolivia que están a traballar no mesmo eido. Ten por finalidade coñecer realidades diferentes que traballan para lograr os mesmos obxectivos. Durante este mes de maio estamos a desenvolver o programa no CPI Cruz do Sar (Bergondo) con dous grupos de 3º da ESO. Intervención facilitada dende a Concellería de Cultura do Concello, a dirección do centro e orientador. Na intervención abordamos o tema da violencia para achegar-lles elementos de identificación do maltrato, e pasos a dar no caso de ser necesario comunicar e notificar unha situación. Esta experiencia enmárcase como experimental coa idea de poder replicala noutros centros educativos no vindeiro curso

Para máis información contactar con:

Mónica Viqueira:
monica.viqueira@educu.org

Laura Álvarez de la Fuente:
laura.alvarez@educu.org

Ramón Ferreiro Mariño:
ramon.ferreno@educu.org

Ramón Ferreiro. Fundación Educo.





Colectivo ACELJ

Leer al escritor de literatura infantil y juvenil

Escribir para niños y jóvenes II

CÁTEDRA

Leer al escritor de literatura infantil y juvenil

Escribir para niños y jóvenes II

A.A.V.V.

Editorial Cátedra, Madrid, 2023

ISBN: 978-84-376-4662-6 • 220 pax.

Este libro recolle as ponencias relatorios de profesionais de distintos ámbitos que participaron no II Congreso de Literatura infantil e xuvenil, baixo o título xenérico de "Escribir para niños y jóvenes" organizado pola Asociación Colegial de Escritores (ACE).

A lectura é un punto de apoio indispensable no noso labor docente que fortalece os procesos de aprendizaxe. O profesorado debe crear os contextos apropiados e proporcionar os instrumentos necesarios para que o noso alumnado goce da lectura e a incorpore ás súas rutinas diarias.

A antropóloga francesa Michèle Petit afirma que a lectura continua ha ser unha experiencia irremplazable, e o desexo de saber, a existencia poética, a necesidade de relatos e a necesidade de simbolizar a nosa experiencia constitúen a nosa especificidade humana. O escritor Nando López, nunha das colaboracións recollidas neste libro, fala de como a literatura infantil e xuvenil implica unha viaxe cara á identidade. Afirma que en case toda esta literatura asistimos a historias que nos enfrontan a nós mesmos á vez que nos formulan cuestións sobre a nosa situación dentro dunha sociedade que nos exige respostas para as que só temos preguntas.

A obra está dividida en cinco capítulos segundo a temática tratada. As colaboracións recollidas veñen da man de docentes, investigadores, libreciros, bibliotecarios, representantes do mundo editorial e principalmente de escritores. Esta diversidade de voces permite que as cuestións abordadas manteñan un mesmo foco, a análise da literatura infantil e xuvenil, dende ángulos e perspectivas diferentes pero converxentes. Nos diferentes capítulos trátanse temas tan relevantes como a relación dos creadores cos seus lectores, a vinculación do escritor co mercado do libro, as canles de distribución, as novas tendencias polas que discorre esta literatura e un tema de vital importancia como é o das dificultades para realizar un axeitado labor de prescrición nun mundo hoxe en día tan saturado de títulos e propostas editoriais.

Atoparemos nas páxinas deste libro reflexións de creadores, experiencias e propostas de docentes, unha aproximación ao mercado editorial e aportacións que inciden na necesidade de que os canais de transmisión da lectura resulten eficaces.

A lectura debe, profunda e capaz, de estimular ao lector cara á reflexión, afirma Luisa Villar Liébana. César Mallorquí comenta que a literatura infantil e xuvenil debe servir tamén para crear lectores. Estas dúas ideas xustifican unha obra na que o docente e calquera interesado polo mundo do libro e a lectura atopará observacións nas que meditar e perspectivas diversas dende as que analizar o que significa escribir para nenos, nenas e adolescentes.



El infinito placer de las matemáticas

Maccarrone, Alessandro


Editorial: Blackie Books, Barcelona, 2023 • ISBN: 978-84-19654-31-1 • 472 pág.

"O infinito pracer das matemáticas" é unha obra cativadora que convida a educadores a redescubrir a beleza e a relevancia das matemáticas na aula. Escrito con mestría por Alessandro Maccarrone, o libro ofrece unha perspectiva única que desafia a percepción tradicional das matemáticas como unha disciplina árida e abstracta. A través de anécdotas, exemplos prácticos e experiencias persoais, o autor ilustra como as matemáticas poden ser unha fonte infinita de pracer intelectual e creativo.

O texto non só destaca a importancia de cultivar o interese dos estudantes, senón que tamén ofrece estratexias pedagóxicas innovadoras ao longo dos 17 capítulos en que se estrutura para facer que as leccións de matemáticas sexan emocionan-


tes e accesibles. Desde a resolución de problemas ata a conexión coa vida cotiá, botando man de personalidades matemáticas como Goldbach, Fibonacci, Hipatia..., o libro aborda as diversas dimensións do ensino das matemáticas de maneira inspiradora.

Cunha linguaxe clara e amena, "O infinito pracer das matemáticas" eríxese como unha ferramenta valiosa para os educadores que buscan transformar a percepción negativa das matemáticas, e fomentar un ambiente de aprendizaxe estimulante e apaixonante. Este libro é esencial para o profesorado comprometido en redefinir a educación matemática e cultivar o amor por esta disciplina nas aulas.





Este é
o inicio do camiño,
necesitamos
a túa **participación**



- Consulta as novidades na nosa biblioteca
- Participa nas nosas sesións de lectura
- Envia as túas opinións sobre novidades editoriais educativas

<http://www.edu.xunta.gal/porta/cfracoruna>

Indica onde che gustaría participar e envíanos un mail a cfr.coruna@edu.xunta.gal



[cfracoruna](#)



[@cfracoruna](#)



[cfracoruna](#)